

## FUNCIONARIZACIÓN: ORDE REGULADORA PROCEDIMENTO PARA NOMEAMENTO PROCESOS: 26/04/2021 e 12/05/2021

Santiago de Compostela 26/02/24

Publicase hoxe en DOG a [Orde que regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de determinadas categorías profesionais que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións do 26 de abril de 2021 e 12 de maio de 2021.](#)

### Prazos:

- Para a formalización do acordo de conformidade de cambio do vínculo xurídico:
  - A partir da publicación desta orde no DOG, o persoal laboral fixo incluído no anexo II deberá asinar un **acordo de extinción** do contrato de traballo, o día **29 de febreiro de 2024**.
  - A extinción estará condicionada á efectiva toma de posesión como persoal funcionario de carreira.
- Para o cambio do vínculo xurídico coa Administración:
  - A **toma de posesión como persoal funcionario de carreira**, que implicará o cambio do vínculo xurídico coa Administración, **será o 1 de marzo de 2024**.
- Cómputo dos prazos en caso de permisos, licenzas ou incapacidade temporal e incapacidade permanente con reserva de posto:
  - No caso de **vacacións, permisos ou licenzas**, o prazo para a **sinatura do acordo de extinción comezará a contar desde a súa finalización**; o día da **toma de posesión será o seguinte hábil ao da sinatura** do dito acordo.
  - Nos supostos de **incapacidade temporal ou incapacidade permanente con reserva de posto**, o cómputo do prazo iniciarase **a partir da correspondente alta ou reincorporación**.
  - Quedan **exceptuadas** do disposto no parágrafo anterior as **situacións derivadas da maternidade ou paternidade**.

### Efectos do incumprimento dos prazos:

- Agás as causas de forza maior debidamente acreditadas e apreciadas pola Dirección Xeral da Función Pública, **implicará que a persoa interesada desiste voluntariamente da súa funcionarización** e, polo tanto, **non se producirá o cambio do seu vínculo xurídico**, e **manterá a súa condición de persoal laboral fixo e todos os dereitos inherentes á dita condición**.

### Excedencias:

- O/a traballador/a conservará a situación administrativa que teña recoñecida noutras categorías laborais antes da adquisición da súa condición de persoal funcionario de carreira.



## Trienios:

- O persoal que se funcionarice **seguirá percibindo** en concepto de antigüidade a **mesma cantidade que estaba percibindo como laboral** fixo nun concepto na nómina á marxe do **complemento de funcionarización-persoal**.
- O **primeiro trienio** que se perfeccione **como funcionario non terá unha contía inferior** ao que se **percibiría como laboral**.

## Complemento de funcionarización:

- A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización, dividirase en dúas epígrafes: Letra a) funcionarización-persoal e Letra b) funcionarización-antigüidade.

## Consolidación do grao persoal:

- Realizarase de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, e no Decreto 93/1991, do Regulamento de provisión de postos.

## Persoal en adscrición temporal:

- O persoal que no momento da toma de posesión se atope en adscrición temporal **poderá continuar prestando servizos nese mesmo posto mediante unha comisión de servizos, sempre que o posto** da adscrición temporal tamén **sexa obxecto de transformación** en posto de persoal funcionario.
- Para tal efecto, a correspondente **adscrición temporal transformarase en comisión de servizos** sempre que a persoa interesada cumpra os requisitos para o seu desempeño, consonte o establecido no artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

## Compatibilidades:

- As persoas que teñan autorizada ou recoñecida a compatibilidade para o desempeño doutra actividade dispoñen dun **prazo máximo de dez días hábiles** contado desde o seguinte ao da **toma de posesión** para **solicitar a compatibilidade conforme a nova condición**, entendéndose **prorrogada a compatibilidade mentres se dita a nova resolución**. Todas as autorizacións ou recoñecementos de compatibilidade realizados con anterioridade á modificación do vínculo xurídico quedan automaticamente sen efecto.

## Mantemento das interinidades:

- Cando o persoal laboral fixo que, estando en excedencia forzosa, excedencia por coidado de fillo e familiares ou con permiso sindical a tempo completo, tome posesión como persoal funcionario de carreira, **a persoa substituta continuará desenvolvendo o posto de traballo nas mesmas condicións e circunstancias** malia o cambio na correspondente relación de postos de traballo do tipo de posto.

## Reducións de xornada:

O persoal laboral fixo que, no momento de producirse o cambio de vínculo xurídico, tivese concedida unha redución de xornada, **poderá continuar coa mesma redución que tiña concedida unha vez que se formalice o cambio**.

## Modificación de convocatoria:



Consonte o recollido na Orde do 27 de novembro de 2023 pola que se modifica o Decreto 165/2019, do 26 de decembro:

- O persoal laboral fixo da **categoría I-21** (técnicos/as de protocolo), convocado para a funcionarización na escala de protocolo e relacións institucionais, **pasa a funcionarizarse no corpo superior de Administración xeral, subgrupo A1,**
- O persoal laboral fixo das **categorías II-8** (director/a de gardaría infantil) e **II-40** (mestre/a especialista en educación infantil), convocados para a súa funcionarización na especialidade de educadores da escala de técnicos facultativos, **pasa a funcionarizarse na especialidade de educador infantil, escala de técnicos facultativos, subgrupo A2.**

